



PLATAFORMA DE ORGANIZACIÓNS DE INFANCIA DE GALICIA

A súa voz é a nosa

plataforma de
organizacóns
de **infancia**
galicia



ÍNDICE

Carta de benvinda

Quen somos?

Como nos organizamos?

Servizos dos que dispoñemos

Canles de comunicación

Como financiamos a nosa actividade

Queres saber máis sobre a Plataforma?



CARTA DE BENVIDA

É unha satisfacción presentarvos a **Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia (POIG)**, unha organización que reúne 52 entidades de todo o territorio galego, comprometidas coa defensa, protección e promoción dos dereitos da infancia e adolescencia.

Desde a POIG traballamos cada día para que nenos, nenas e adolescentes sexan recoñecidos como suxeitos de dereitos e protagonistas das políticas públicas, sumando esforzos para garantirlles un presente digno e un futuro mellor.

A Plataforma é un espazo para sumar forzas e traballar conxuntamente. O noso obxectivo é pór á infancia no centro, impulsando accións que melloren o seu benestar e garantindo que as súas voces sexan escoitadas.

Convidámosvos a seguir participando activamente, porque cada acción suma para transformar a realidade.

Con afecto,



Mónica Viqueira Martínez
Presidenta



1. QUEN SOMOS?

A **Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia** é unha plataforma territorial que forma parte do marco de acción da Plataforma de Infancia estatal.

Constituíuse o **11 de abril de 2018** co obxectivo de sumar esforzos entre as **entidades que traballan pola infancia e adolescencia en Galicia**, creando un espazo común de coordinación, encontro e incidencia para **defender, promover e protexer** os dereitos das persoas menores de idade, conforme á *Convención sobre os Dereitos do Neno*.

Na actualidade, está formada por **52 entidades membro** da comunidade autónoma galega, que traballan en diferentes ámbitos da intervención social, educativa, comunitaria ou sanitaria.

A POIG centra os seus esforzos na **mellora da situación da infancia e adolescencia**, con especial atención a aquelas nenas, nenos e adolescentes que sofren discriminación, desamparo ou se atopan en situación de risco ou exclusión social.

Como rede, traballamos tamén para **denunciar e facer seguimento das situacións que vulneran os dereitos da infancia**, así como para incrementar o seu benestar e promover unha cultura do bo trato en todos os eidos da vida.



A NOSA VISIÓN

A nosa visión é **alcanzar o pleno cumprimento dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes**, integrando o esforzo das organizacións de infancia e de todos os axentes sociais de Galicia.

O ámbito de acción da Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia é a de **incidir desde a participación e asistencia a diversos espazos clave na construción de políticas de infancia**.



OS NÓS OS OBJECTIVOS

O **objectivo xeral** da Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia é a **protección e promoción dos dereitos da infancia** recollidos na Convención sobre os Dereitos do Neno do 20 de novembro de 1989.

Os **objectivos específicos** son:

- **Impulsar as políticas xerais e sectoriais dirixidas a incrementar o benestar da infancia**, en especial daqueles nenos e nenas en situacións de risco individual e social.
- **Denunciar e facer un seguimento de todas as situacións de vulneración** dos dereitos da infancia por parte das institucións públicas, do sector privado, dos particulares, dos medios de comunicación social e/ou da opinión pública.
- **Sensibilizar á sociedade** para o **coñecemento** e o **respeto** dos dereitos da infancia.
- Desenvolver o **diálogo, a colaboración e a participación** en todos aqueles organismos **públicos e privados** que teñen ou poidan ter influencia no benestar da infancia e na aplicación dos dereitos da infancia.
- **Promocionar a participación e o asociacionismo** da infancia de todas aquelas organizacións comprometidas na aplicación dos dereitos da infancia e na calidade de vida dos nenos e nenas.

- **Facilitar o diálogo entre organizacións** de infancia de Galicia xerando presenza, opinión e participación das organizacións de infancia na realidade social; e situando á **infancia como suxeito activo** de dereitos segundo a Convención sobre os Dereitos do Neno.
- Coñecer a **realidade da infancia** na Comunidade galega.
- Favorecer a **coordinación entre asociacións** que traballan por e para, e coa infancia.
- Formar parte e **designar representantes ante a Plataforma de Infancia** de España, así como en calquera outro organismos dos que a Plataforma forma parte.



2. COMO NOS ORGANIZAMOS?

A POIG organízase en **diferentes órganos e espazos de traballo** para garantir unha **coordinación efectiva entre as entidades membro** e unha acción común en **defensa dos dereitos da infancia e adolescencia**.

ASEMBLEA XERAL

É o **órgano soberano da POIG** e, xunto coa Xunta Directiva, marca as liñas estratéxicas da Plataforma. Está composta por **todas as organizacións sociais e os membros da Xunta Directiva**. As súas decisións son de obrigado cumprimento para todas as entidades membro.

Funcións principais

- Definir a política xeral da entidade.
- Aprobar ou avaliar a xestión da Xunta Directiva.
- Examinar e validar as memorias anuais de actividades, as contas e os orzamentos.
- Analizar e decidir sobre as propostas das entidades membro, garantindo que se axusten ao plan estratéxico e operativo anual.



XUNTA DIRECTIVA

A Xunta Directiva é o **órgano encargado de xestionar e representar á entidade**, velando polo cumprimento dos acordos da Asemblea Xeral e a boa marcha da Plataforma. Está **formada por representantes das entidades membro**, que asumen esta responsabilidade de forma voluntaria e colexiada.



Funcións principais

- Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- Representar institucionalmente á POIG.
- Dirixir e coordinar as comisións e grupos de traballo.
- Elaborar e presentar á Asemblea Xeral:
 - Memoria anual de actividades
 - Memoria económica
 - Orzamentos anuais
- Xestionar os recursos económicos e técnicos.



COMPOSICIÓN ACTUAL DA XUNTA DIRECTIVA

- **Presidencia**

Mónica Viqueira Martínez. *Fundación Educo.*

- **Vicepresidencia**

Victorino Escamilla Paz. *Fundación Educativa e Social Dignidade.*

- **Secretaría Xeral**

Julio Barreiro González. *Asociación Arela.*

- **Tesourería**

Xesús Vilas Otero. *Federación Centros Xuvenís Don Bosco.*

- **Vogalías**

Andrea Rodríguez Rodríguez. *C.D.R. Portas Abertas.*

Concepción Estévez Villar. *Aseia Galicia.*

Manuel Noya Álvarez. *Igaxes.*

GRUPOS DE TRABAJO

A Xunta Directiva pode crear **grupos de traballo para tratar asuntos concretos e limitados no tempo**. Para a súa creación é necesario o voto favorable da maioría dos membros da Xunta Directiva.

A asemblea tamén pode acordar a creación de grupos de traballo para aqueles temas que **requiran continuidade no tempo**, sempre que a proposta sexa presentada, como mínimo, por tres entidades membro.

Así mesmo, tamén se poden crear grupos ou comisións a iniciativa de tres organizacións que, ante a Xunta Directiva, presenten un escrito motivado de forma conxunta. **Todas as entidades poden participar nos grupos de traballo que desexen**, podendo designar unha ou varias persoas para representalas.

Na **actualidade a Plataforma divídese en tres grupos de traballo**, para tratar os temas da área de interese.

Grupo de Traballo de Incidencia Política

Reúne ás persoas responsables de incidencia das entidades membro para coordinar accións, elaborar propostas e organizar encontros destinados a situar á infancia como prioridade na axenda política. Busca consolidar á entidade como interlocutora da sociedade civil para impulsar políticas públicas a favor da infancia.

✉ incidencia@infanciagalicia.org

Grupo de Traballo do Sistema de Protección

Formado por entidades expertas nesta área, analiza a situación do sistema de protección da infancia en Galicia, formula propostas para a súa mellora e articula iniciativas para avanzar cara a un modelo máis garantista cos dereitos das nenas, nenos e adolescentes.

✉ secretariatecnica@infanciagalicia.org

Grupo de Traballo de Participación Infantil

Integrado por profesionais das entidades que promoven a participación infantil, serve como espazo de referencia para deseñar, executar e avaliar as accións da POIG nesta materia, ademais de favorecer o traballo en rede nesta cuestión.

✉ participacion@infanciagalicia.org



ENTIDADES MEMBRO

As entidades membro son o **conxunto de organizacións de infancia que constitúen a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia.**

Todas comparten unha mesma **filosofía de traballo, baseada na defensa, protección e promoción dos dereitos da infancia**, tomando como referencia os **principios e disposicións da Convención sobre os Dereitos do Neno.**

Na actualidade está integrada por **52 entidades**, que colaboran activamente para mellorar o benestar dos nenos, nenas e adolescentes en Galicia.

Estas organizacións poden **representar á propia rede en diferentes espazos de coordinación e decisión.**



SECRETARÍA TÉCNICA

O equipo da Secretaría Técnica encárgase de **executar as decisións da Xunta Directiva, coordinar o funcionamento diario e apoiar ás entidades membro** para que as accións e proxectos se leven a cabo de forma efectiva.

As súas principais funcións por delegación son:

- Impulsar o Plan Estratéxico e o Plan Operativo Anual.
- Desenvolvemento de procesos participativos con nenos, nenas e adolescentes.
- Xestión da sede social, programas e actividades.
- Comunicación interna e externa.
- Apoio ás comisións e grupos de traballo.
- Relacións institucionais.



Inés Salteiro
Directora



Carla Rodríguez
Técnica de participación
e comunicación



Sara Gestal
Técnica de incidencia
social e comunicación



Anxo Tarrío
Técnico incidencia
política e administración



ESPAZOS DE COORDINACIÓN COA POI

Existen espazos **non regrados da Plataforma de Infancia estatal** na que tamén **participa a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia**.

Na actualidade están en funcionamento:

FORO DE REPRESENTANTES

É un espazo de encontro que se **reúne habitualmente con carácter trimestral** para valorar e debater as principais accións estratéxicas da entidade. Nel, os representantes das entidades membro e a **Xunta Directiva analizan de forma aberta e participativa os temas máis relevantes para a Plataforma**.

MESA TERRITORIAL

Un **espazo de coordinación e intercambio de información** entre as diferentes plataformas territoriais de infancia e a Plataforma de Infancia estatal, co obxectivo de alinear accións e compartir boas prácticas.



3. SERVIZOS DOS QUE DISPOÑEMOS

A Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia pon á disposición das súas entidades membro unha serie de servizos que facilitan o traballo en rede e o acceso a recursos:

• Grupos de traballo da Plataforma

As entidades membro poden **participar en grupos de traballo e espazos de encontro e debate**, favorecendo a colaboración e o intercambio de experiencias. Actuamos como **nexo entre as entidades galegas e a Plataforma estatal**, permitindo que as organizacións de Galicia se integren nos grupos de traballo estatais e que as propostas e necesidades de ambos niveis se conecten de forma bidireccional.

Como parte desta función de representación, a Plataforma participa en espazos de seguimento e decisión de políticas públicas en Galicia, como o **Comité de Seguimento do FSE+**, o **Comité de Seguimento dos Fondos FEDER en Galicia** e o **Consello Galego de Benestar Social**, garantindo que a infancia e adolescencia estean presentes na axenda institucional.

• Cesión de espazos

A Plataforma pon a **disposición das entidades membro as salas** situadas na súa sede para desenvolver accións ou actividades programadas, sempre mediante solicitude previa, facilitando así un lugar común para **reunións ou iniciativas compartidas**.



- **Servizos de comunicación**

A través dos diferentes recursos de comunicación, a Plataforma apoia e dá visibilidade ao traballo das súas entidades socias, **sensibilizando e mobilizando arredor dos dereitos da infancia**. Difúndense campañas, actividades, materiais e ofertas das organizacións membro, inclúense contidos no boletín mensual da POIG e tamén aténdense propostas de comunicación, creando contidos conxuntos sobre diversas temáticas.

- **Participación infantil e adolescente**

Desde a Plataforma ofrécense **materiais e programas específicos para traballar a participación infantil e os dereitos da infancia** cos grupos de nenos, nenas e adolescentes.

As entidades membro poden **unirse a Redeir@s, o grupo da Plataforma dirixido á participación de NNA das entidades membro**, ademais de recibir asesoramento e seguimento para a creación ou posta en marcha de grupos de participación. Así mesmo, poden incorporarse a **grupos de traballo específicos e recibir información actualizada** sobre cuestións relevantes de infancia e adolescencia.



4. CANLES DE COMUNICACIÓN

Desde a POIG publicamos regularmente novas, documentos, posicionamentos e informes propios relacionados coa protección e promoción dos dereitos da infancia, co fin de visibilizar e apoiar a defensa dos dereitos de nenos, nenas e adolescentes.

Na web dispoñemos dun espazo destacado para:

- Difundir noticias e entrevistas das entidades membro.
- Actualizar o directorio de entidades da Plataforma.
- Compartir todos os materiais e publicacións.

Empregamos **activamente as nosas redes sociais** para compartir toda esta información e para dar visibilidade á labor das organizacións membro.

Se queres estar ao día do que facemos e das novidades, segue as nosas contas:

- **Instagram:** @infanciagalicia
- **Twitter:** @infanciagalicia
- **Facebook:** PlataformaInfanciaGalicia
- **Youtube:** POIGalicia

Para calquera consulta, proposta ou colaboración, podes escribirmos a **comunicacion@infanciagalicia.org**



5. COMO FINANCIAMOS A NOSA ACTIVIDADE

A Plataforma sostén a súa actividade a través dun **sistema mixto de financiamento** que combina as achegas das entidades, convenios, subvencións e proxectos financiados por entidades privadas.

As **entidades membro contribúen mediante cotas anuais** establecidas por tramos, en función do financiamento de cada organización, garantindo así un modelo xusto e adaptado á realidade de cada entidade.

Ademais, mantemos diversas fontes de financiamento entre as que destacan:

- **Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia** para o desenvolvemento de actuacións encamiñadas á protección e promoción dos dereitos da infancia.
- **Subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF**, tanto na área de Política Social e Igualdade como na área de Cultura, Lingua e Xuventude.

Este **modelo de financiamento diversificado garante a estabilidade**, permitindo manter o seu labor de incidencia e participación para mellorar a vida de nenos, nenas e adolescentes en Galicia.

Co obxectivo de garantir a transparencia, a entidade está **sometida a auditoría de contas**, asegurando unha xestión responsable e acorde cos principios de rendición de contas.

6. QUERES SABER MÁIS DA PLATAFORMA ?

Convidámoste a consultar os [Estatutos](#) e o [Regulamento de Réxime Interno](#) da Plataforma na nosa web.

Se precisas máis detalles, poñémonos á túa disposición para aclarar ou ampliar calquera información sobre o funcionamento e as actividades da Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia.

Podes poñerte en contacto connosco a través dos seguintes medios:

✉ secretariatecnica@infanciagalicia.org

🌐 www.infanciagalicia.org





Alborada



Ayuda directa a la infancia desamparada, sin preocupación de orden político, racial o étnico-social.



plataforma de
organizaci3ns
de **infancia**
galicia



A SÚA VOZ É A NOSA

CONTACTA CONNOSCO

Plataforma de Organizaci3ns de Infancia de Galicia
Rúa Manuel María N°6 CABES
15705 - Santiago de Compostela

Tfno. 747491242
poig@infanciagalicia.org
www.infanciagalicia.org

